

BILINGÜISMO HARMÓNICO: MODELO SOCIAL POSIBLE

*Manuel Regueiro Tenreiro¹
Profesor do Instituto “Anxel Fole”*

Dentro da grande variabilidade de temas e perspectivas nas que se pode considera-lo bilingüismo en Galicia, centrámonos neste traballo nalgunhas cuestiós concretas que se agrupan en tres epígrafes: 1) sobre a propia concepción do bilingüismo; 2) as peculiaridades do bilingüismo en Galicia; 3) posibilidade dun modelo propio: o bilingüismo harmónico; 4) a progresión de espacios bilingües a plurilingües.

1. Sobre a propia concepción do bilingüismo

Afórranos moitas consideracíós previas ó referímonos, en primeiro lugar, á revisión que fai Baetens Beardsmore² das diferentes tipoloxías de presentacíós do bilingüismo. Con esta descripción xa se comprende que cada grupo de falantes busca diferentes formas de afronta-las relacións interlingüísticas. Polo tanto, cada pobo ten o dereito de procura-la mellor vía de relación de idiomas.

En segundo lugar, cómprenos subliñar que nesta altura dos tempos xa ningúén teoriza sobre possibles males que puideran darse nos procesos bilingües. Ben ó contrario, hoxe resáltanse os efectos benéficos que as situacións bilingües poden ofrecerlle ós individuos e ás sociedades. Citemos un exemplo: “La conclusión puede resumirse como sigue: los bilingües completamente fluidos han aumentado sus capacidades metalingüísticas. Esto se relaciona con dos componentes (Bialystok, 1988): su mayor capacidad para analizar su conocimiento lingüístico; y su mayor control del procesamiento interno del lenguaje. A su vez, esto puede facilitar la adquisición temprana de la lectura, que puede llevar a mayores niveles de rendimiento escolar”³.

Outro tema debatido, que na actualidade se está a superar, é o vello esquema no que se afirmaba que o bilingüismo é unha situación individual e a presencia de dúas ou máis linguas na sociedades é sempre diglósica.

Evidentemente, en todo contacto lingüístico existe sempre a posibilidade de situacións de diglosia, pero isto non empece para que existan sociedades bilingües. O razoamento resulta loxicamente ben simple: se nun conxunto A, o individuo A1 é bilingüe e o mesmo se pode


¹ Instituto de Ensino Secundario “Anxel Fole”, Rúa Angelo Colocci s/n, Lugo; tel: 982-212722.

² Baetens Beardsmore, H. (1982).

³ Baker, C. (1993).

dicir dos A3, A4, A5, etc..., é lóxico que o conxunto A poida ser considerado bilingüe. Do contrario procederíase de modo ilóxico, é dicir, dun conxunto bilingüe deduciríase outro conxunto diglósico. En todo caso, trataríase doutro grupo, non do mesmo.

Graficamente vese o proceso: *a) lóxico; b) ilóxico*



Partindo desta evidencia lóxica e dos estudos científicos sobre diversas situacions de bilingüismo, podemos concluír con palabras da profesora Maitena Etxebarria⁴: “(...) un individuo puede ser bilingüe como resultado de una serie de circunstancias estrictamente personales, o bien como resultado de una coexistencia de dos o más códigos lingüísticos en la comunidad en la que está inserto. Únicamente en el primer caso podrá hablarse de bilingüismo individual en sentido estricto y se reservará para el segundo caso el término de ‘bilingüismo social’”.

2. As peculiaridades do bilingüismo en Galicia

A percepción da presencia de dúas linguas na sociedade galega é ben antiga. No é este o momento de facer unha historia desa presencia porque calquera historia da lingüística hispánica faise eco desta evidencia. Como mostra podemos citar un texto da autoría de dous profesores compostelanos, A. Santamarina e M. González⁵: “Durante a Reconquista, Galicia está unida politicamente a Asturias e León, agás nos reinados de reis propios: Don García (1065...) e Alfonso Raimúndez (1111...). A pesar desta dependencia, o poder que exercían a nobreza, a Igrexa e os mosteiros galegos, e a importancia alcanzada por Santiago como centro relixioso e cultural permiten o desenvolvemento do galego sen máis competencia que o latín para certos usos escritos”.

⁴ Etxebarria Arostegui, M. (1986: 65).

⁵ Santamarina, A., M. González.

Dos séculos escuros interesa subliñar que o “pobo chan” foi quen de conservar unha lingua nas peores circunstancias posibles. En Fr. Martín Sarmiento situámo-la fronteira do apoio científico á recuperación da lingua galega. Esta recuperación tivo acontecementos diversos, pero a lingua galega nunca estivo ausente da nosa sociedade. A simple non ausencia da lingua galega contrastou fortemente coa presencia, por veces asoballante, da lingua castelá.

Nestas alturas dos tempos a evolución histórico-social situounos (ós moradores de Galicia do século XX) ante a presencia social de dúas linguas, é dicir, de un bilingüismo real-social. Descoñecer esta situación e ir contra a realidade, retroceder na historia semella imposible, polo tanto cómpre buscar un modelo de bilingüismo que poida ter un futuro para a nosa lingua. As opcións son ou adaptar un modelo alleo ou optar por un modelo propio.

3. Posibilidade dun modelo propio: o bilingüismo harmónico

Sinalemos que tres son os fitos normativos respecto da lingua galega: o refrendo da Constitución Española (1978), a promulgación do Estatuto de Galicia (1981) e a aprobación da Lei de Normalización Lingüística no Parlamento de Galicia (15 de xuño de 1983).

É ben coñecido que os tres fitos lexislativos levan parello un novo marco de relacións sociais entre as linguas de España. Sen embargo hai que destaca-los cambios conceptuais que implican os preceptos sinalados. Entre outros, destacamos tres cambios ou emerxencias conceptuais: coa Constitución emerge a cooficialidade; no Estatuto de Autonomía de Galicia destacámolo a noción de lingua propia; a Lei de Normalización Lingüística de Galicia consagra a idea de promoción lingüística.

Os tres conceptos dan materia para diversas consideracións, pero destaquemos soamente a idea de promoción lingüística. Salientamos esta noción (“promover”-“fomentar”) porque aparece reflectida dez veces na referida Lei de Normalización. En contraste, non aparece (nin como substantivo, nin como verbo) “defensa” ou “defender”. ¿Quere isto dicir que os lexisladores galegos estaban a percibir un cambio social no uso da lingua ou estaban a plantexar un rumbo novo na historia da nosa lingua? Na disxuntiva proposta parece máis claro opinar que estaban a plantexar un novo rumbo. Inclinámonos por esta resposta cando comprobamos que áinda nestes días (ano 1997) hai moita xente falando de defende-la nosa lingua.

A palabra “promoción” aparece nos diccionarios (na súa primeira acepción) como: “Acción e efecto de promover”. O verbo “promover” significa: “Favorece-la creación ou o desenvolvemento de (algo). Sin. fomentar, impulsar” (vid. *Diccionario da Real Academia Galega*).

A mesma comprobación podemos face-la co vocáculo “defensa”. Defíñese defender como: “Facer que (algo ou alguén) non sufra prexuízo, como agresión, crítica, acusación, etc... Sin. amparar, preservar, protexer, resgardar”.

Da comprobación do significado das palabras e da lectura do artigo 14.3 da citada Lei de Normalización afirmamos sen lugar a dúbidas que os lexisladores galegos plantexaron un novo rumbo para a lingua galega.

Lemos o artigo referido (14.3): “As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obligatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”.

A literalidade deste texto e a concepción xeral da cooficialidade conduciunos a pensar un modelo axeitado á situación galega. Situación que acepta a promoción da lingua propia, pero non quere, en xeral, a merma da lingua común de relación en España. Promoción do propio e cooperación no común son as dúas bases dos desexos lingüísticos da xeneralidade do pobo galego. A convención destes anceios poden atenderse no desenvolvemento social do bilingüismo harmónico.

Da posibilidade do bilingüismo social xa se falou antes. Trátase agora de pescudar no concepto de harmonía. Na mesma palabra harmonía atopámolo peso conceptual e práctico que implica. Se vémo-las acepcións 2 e 3 desta palabra (*Diccionario da Real Academia Galega*) xa nos decatamos da súa posible pontencialidade social: “2.- Estado que resulta cando entre os elementos dun conxunto nada desentoa e se forma un todo agradable. Harmonía de formas. 3.- Situación que se dá entre as persoas cando existe bo entendemento entre elas e solucionan as diferencias que poden ter en común acordo e sen discutir. Unha familia en harmonía. Vivir en harmonía na sociedade. CG. concordancia, paz, maridanza”.

“Concordancia” e “paz” son os primeiros dous sinónimos utilizados. Quere isto dicir que o obxectivo buscado –o resultado harmónico– é a concordancia ou equivalencia, o equilibrio que sirva á paz social. Ó se tratar dun vocáculo con resonancias musicais, inclúe a perspectiva dunha dinámica social múltiple e flexible nos seus tons, modulacións, instrumentos, etc.

Se para os individuos se presenta como ideal o bilingüismo equilibrado, é coerente pensar que esta situación tamén será a deseable para a sociedade. Vemos pois que a concordancia e paz social son obxectivos deseables e irrenunciables, se queremos que a lingua contribúa ó progreso xeral.

Esta proposta de harmonía implica unha actitude social de limpeza no cumprimento das normas sociais e unha metodoloxía pedagóxica de cooperación lingüística entre as linguas

presentes na comunidade. Conxúgase esa actitude coa apertura necesaria á incorporación de novas linguas, é dicir, á busca dunha contribución activa ó plurilingüismo.

Cando se propón unha nova forma de actuación social, pídense un referente anterior no que basearse. No caso do bilingüismo harmónico podemos citar tres características do bilingüismo ós que, en algúin aspecto aseméllase. Reúnense estas características do bilingüismo nas seguintes: *sumativo*, en canto emprega os coñecementos de ámbalas linguas no progreso común; de *enriquecemento*, porque subministra experiencias adicionais ó dominio de ámbalas linguas; *total*, por aproveita-las posibilidades lingüísticas en tódolos ámbitos do uso social das linguas.

4. A progresión de espacios bilingües a plurilingües

Hoxe existe a convicción xeneralizada de que “é imposible imaxinar novos pasos na integración europea sen unha clara participación dos pobos e as rexións nas institucións comunitarias e unha eficaz política rexional”⁶.

Tamén en cuestións lingüísticas o traballo intelectual e práctico da construcción europea necesita novos e mellores modelos conceptuais. Precisamos conceptos fundamentados que, desde a propia personalidade ben consolidada, nos poidan abrir ó diálogo e á colaboración; do contrario, a esclerose conceptual pode ata-la colaboración enriquecedora entre os nosos pobos. Toda colaboración ou coordinación esixe un esforzo de formación, de información e de sensibilización, e ese esforzo necesita o soporte da investigación de todo tipo e, moi especialmente, da filosofía polo seu forte influxo nas actitudes da cidadanía.

Esas actitudes, se son constructivas, tradúcense en movementos populares con futuro. O profesor Siguán sinala este camiño constructivo: “Queda el otro camino, el esfuerzo por construir a partir de la diversidad y sin renunciar a ella una identidad y una conciencia cultural europeas que justifiquen alguna forma de identidad supranacional y que hagan posible una política común en relación con el resto del mundo. Es un camino difícil, porque nadie es capaz de definir con claridad sus objetivos. Y es un camino incómodo porque exige sacrificios y supone un alto grado de confianza en el futuro, pero es el único camino posible”⁷.

Ese camiño de creación de espacios plurilingües está ainda nos seus comezos. Existe a conciencia de crear ese espacio, como mostra presentamos un texto de Xavier Flores: “A aquella Europa cosmopolita, cuya columna vertebral quebraron las dos grandes guerras y la revolución

⁶ Fraga Iribarne, M. (1992: 101).

⁷ Siguán, M. (1996), *La Europa de las lenguas*, Madrid, Alianza Editorial, 190.

soviética de este siglo, ha desaparecido, pero no sin dejar su huella como nostalgia y anhelo de futuro. No se consolidará la Unión Europea sin una reconciliación cultural de sus pueblos y sin que para ello se revitalicen los grandes cauces lingüísticos”.

“Europa es un Estado compuesto de varias provincias”, decía Montesquieu en sus *Cahiers*, curiosamente publicados por vez primera en París durante la ocupación alemana. Hoy vemos cómo la descomposición del Imperio soviético multiplica el número de esas “provincias”, amén de las que emergen en otras partes. La unión de todo este conjunto de Estados y nacionalidades en una unión posiblemente confederal exigirá de todos un gran esfuerzo para implantar el bilingüismo –véase el trilingüismo– para que Europa, tanto en sus instituciones supranacionales como en las relaciones con sus pueblos, no se convierta en una monstruosa torre de Babel. Aceptar la existencia de las grandes lenguas vehiculares y fomentar su enseñanza y su uso es uno de los objetivos primordiales de la construcción europea que no ha de impedir, antes al contrario, el cultivo de las lenguas regionales”⁸.

Un cauce da convivencia lingüística pode se-lo bilingüismo harmónico. Esta é a proposta feita desde Galicia.

Bibliografía

- Baetens Beardsmore, H. (1982), *Bilingualism: Basic principles*, Clevedon, Multilingual Matters.
- Baker, C. (1993), *Fundamentos de educación bilingüe y bilingüismo*, Madrid, Cátedra, 179.
- Etxebarria Arostegui, M. (1986), “El castellano actual en el País Vasco: Estudio de interferencias”, en V. García de la Concha, *El castellano actual en las comunidades bilingües de España*, Valladolid, Junta de Castilla León, 65.
- Flores, X. (1994), “El sueño de Europa”, in J.L. Abellán, *El Reto Europeo*, Madrid, Ed. Trotta, 116.
- Fraga Iribarne, M. (1992), *Na memoria e no horizonte*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 101
- Santamarina, A., M. González, *Historia da lingua galega*, (Folleto) Santiago, Xunta de Galicia, 12.
- Siguán, M. (1996), *La Europa de las lenguas*, Madrid, Alianza Editorial, 190.

⁸ Flores, X. (1994), “El sueño de Europa”, in J.L. Abellán, *El Reto Europeo*, Madrid, Ed. Trotta, 116.